

Oreallas grandes



O raposo do deserto é o raposo máis pequeno do mundo. O elefante africano é o animal terrestre máis grande do mundo. Estes dous animais son diferentes en moitos aspectos, pero ambos teñen as oreallas moi grandes. Estas oreallas grandes axudan ao elefante e ao raposo do deserto a captar mellor os sons. Pero unha boa audición non é a única razón para ter oreallas grandes. Tanto o raposo do deserto como o elefante africano viven en lugares onde vai moita calor. As súas oreallas grandes axúdanlles a manterse frescos, xa que os animais perden moita calor a través dos seus pavillóns auditivos.

- 1) Cal é o animal terrestre máis grande do mundo?
- 2) E o raposo máis pequeno do mundo?
- 3) Que teñen en común o raposo do deserto e o elefante africano?
- 4) Que funcións teñen as oreallas grandes do elefante africano e do raposo do deserto?
- 5) No texto dise cal é o animal terrestre máis grande do mundo. Pero hai un animal que non é terrestre que é o máis grande do mundo. Investiga e di cal é.

- 6) Mira as fotos. Que diferencias hai entre o raposo do deserto e o do ártico. Explica a que se deben estas diferencias.



RAPOSO DO DESERTO



RAPOSO ÁRTICO